



DATOS IDENTIFICATIVOS

Zoología I: Invertebrados non artrópodos

Materia	Zoología I: Invertebrados non artrópodos			
Código	V02G031V01205			
Titulación	Grao en Bioloxía			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Ecoloxía e bioloxía animal			
Coordinador/a	Mariño Callejo, María Fuencisla			
Profesorado	Mariño Callejo, María Fuencisla Noguera Amoros, Jose Carlos Velo Antón, Guillermo			
Correo-e	mmarino@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	En función da súa denominación académica a materia ocúpase de todos os fillos animais considerados nas clasificacións tradicionais como Invertebrados non Artrópodos.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado.
B1	Desenvolver a aprendizaxe autónoma, identificando as súas propias necesidades formativas e organizando e planificando as tarefas e o tempo.
B3	Aplicar o coñecemento adquirido na titulación e empregar a instrumentación científico-técnica e as TIC en contextos propios da Bioloxía e/ou no exercicio da profesión.
B6	Desenvolver as capacidades de análises e sínteses, de razoamento crítico e argumentación, aplicándoas en contextos propios da Bioloxía e outras disciplinas científico-técnicas.
C1	Resolver problemas aplicando o método científico, os conceptos e a terminoloxía específica da Bioloxía, os modelos matemáticos e as ferramentas estatísticas e informáticas.
C2	Recoñecer os niveis de organización dos seres vivos mediante o estudo de espécimes actuais e fósiles. Realizar análise filoxenéticas e interpretar os mecanismos da herdanza, a evolución e a biodiversidade.
C6	Comprender e integrar o funcionamento dos seres vivos (nivel celular, tisular, orgánico e individuo), interpretando as súas respostas homeostáticas e adaptativas.
C9	Identificar recursos de orixe biolóxica e valorar a súa explotación eficiente e sostible para obter produtos de interese. Propoñer e implantar melloras nos sistemas produtivos.
D1	Comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e igualitaria.
D4	Colaborar e traballar en equipo ou en grupos multidisciplinares, fomentar a capacidade de negociación e de alcanzar acordos.
D5	Comunicar de maneira eficaz e adecuada, incluíndo o uso de ferramentas dixitais e o inglés.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Recoñecer a orixe e evolución dos animais: os tipos e niveis de organización, os mecanismos e modelos evolutivos.	A2	B1	C2	D1
	A3	B3		
	A4	B6		

Recoñecer a biodiversidade e filoxenia: diversidade animal e plans corporais, posición dos distintos grupos na árbore evolutiva.	A2 A3 A4	B1 B3 B6	C2 C6	D5
Explicar a estrutura, desenvolvemento e organización dos animais: anatomía e morfoloxía animal; Bioloxía do desenvolvemento animal, ciclos biolóxicos.	A2 A3 A4	B1 B3 B6	C6	D5
Aplicar coñecemento da Zooloxía para illar, identificar, manexar e analizar espécimes e mostras de orixe biolóxica, así como para caracterizar os seus constituíntes celulares e moleculares.	A2 A3 A4	B1 B3 B6	C6	D5
Analizar e interpretar o comportamento dos animais e a súa adaptación ao medio.	A2 A3 A4	B1 B3 B6	C6	
Aplicar coñecementos e técnicas propios da Zooloxía en diferentes procesos relacionados coa xestión do medio ambiente.	A2 A3 A4	B1 B3 B6	C9	D5
Aplicar coñecementos e tecnoloxía relativos á Zooloxía en aspectos relacionados coa produción, explotación, análise e diagnóstico de procesos e recursos biolóxicos.	A2 A3 A4	B1 B3 B6	C6	D5
Comprender a proxección social da Zooloxía e a súa repercusión no exercicio profesional, así como saber utilizar os seus contidos para impartir docencia e a divulgación.	A2 A3 A4	B1 B3 B6	C9	D1 D4 D5
Coñecer e manexar os conceptos, terminoloxía e instrumentación científico-técnica relativos á Zooloxía.	A2 A3 A4	B1 B3 B6	C1	D5

Contidos

Tema	CONTIDOS
PROGRAMA TEÓRICO	CONTIDOS
Tema 1. A ciencia zoolóxica. Introducción á zooloxía	Introdución á Zooloxía. De onde veñen os animais? Onde viven? Definición de animal.
Tema 2. Sistemática, filoxenia e clasificación	Clasificación. Nomenclatura. Taxonomía e sistemática. Monofilia, parafilia e polifilia. Caracteres e concepto de homología. Plesiomorfía e apomorfía. Árbores filoxenéticas. Concepto de especie. Escolas sistemáticas.
Tema 3. Arquitectura animal e plans corporais	Organización da complexidade animal. Arquetipos dos animais.
Tema 4. Desenvolvemento, ciclos e orixe	Desenvolvemento animal. Ciclos de vida. Orixe dos Metazoos.
Tema 5. Esponxas e Placozoos	Poríferos: Caracteres xerais. Forma e función. Sistemática do grupo. Relacións filoxenéticas. Importancia do grupo; Placozoos: Caracteres xerais.
Tema 6. Cnidarios e Ctenóforos	Cnidarios. Caracteres xerais. Forma e función. Sistemática do grupo. Relacións filoxenéticas. Importancia do grupo; Ctenóforos: Caracteres xerais. Forma e función. Relacións filoxenéticas.
Tema 7. Xenacelomorfos. Platizoos e Mesozoos	Xenacelomorfos: Caracteres xerais; Platelminfos: Caracteres xerais. Forma e función. Sistemática do filo. Relacións filoxenéticas; Gastrotricos, Gnatostomúlidos, Micrognatozoos, Rotíferos e Acantocéfalos: Caracteres xerais. Filoxenia dos grupos e importancia; Mesozoos: Caracteres xerais. Relacións filoxenéticas.
Tema 8. Polizoos e Trocozoos	Ciclióforos, Endoproctos: Caracteres xerais; Ectoproctos, Braquiópodos, Foronídeos: Caracteres xerais. Forma e función. Nemertinos: Caracteres xerais. Forma e función. Filoxenia dos grupos e importancia.
Tema 9. Moluscos	Caracteres xerais. Morfoloxía do molusco ancestral. Forma e función. Clasificación e estudo das distintas clases de moluscos. Relacións filoxenéticas. Importancia do filo.
Tema 10. Anélidos e taxóns relacionados	Anélidos (Pogonóforos incluídos). Caracteres xerais. Forma e función. Sistemática do filo. Relacións filoxenéticas e importancia como grupo. Taxóns próximos a Anélidos: Sipuncúlidos e Equiúridos. Relacións filoxenéticas.
Tema 11. Ecdisozoos	Nematodos, Nematomorfos, Loricíferos, Quinorrincos, Priapúlidos: Caracteres xerais. Forma e función. Filoxenia dos grupos e importancia.
Tema 12. Quetognatos	Caracteres xerais. Forma e función. Sistemática do filo. Relacións filoxenéticas.
Tema 13. Equinodermos	Caracteres xerais. Forma e función. Clasificación e estudo das distintas clases de Equinodermos. Relacións filoxenéticas.
Tema 14. Hemicordados	Caracteres xerais. Forma e función. Sistemática do filo. Relacións filoxenéticas.
PROGRAMA PRÁCTICO	CONTIDOS
Práctica 1	Esponxas: observación de tipos xerais. Preparación e observación de distintos tipos de espículas.

Práctica 2	Cnidarios: observación e estudo de varios exemplares.
Práctica 3	Filos varios: observación e estudo de exemplares de Platelminfos, Nemertinos, Acantocéfalos, Rotíferos, Gastrotricos, Quinorrincos, Quetognatos, Sipuncúlidos, Equiúridos, Braquiópodos e Ectoproctos.
Práctica 4	Moluscos: estudo da morfoloxía externa de representantes das diferentes clases de Moluscos. Disección dun molusco bivalvo.
Práctica 5	Anélidos: estudo da morfoloxía externa de representantes das diferentes clases de Anélidos. Observación de Sipuncúlidos e Equiúridos. Disección dun anélido oligoqueto.
Práctica 6	Equinodermos: estudo da morfoloxía externa de exemplares das diferentes clases de Equinodermos. Disección dun equinodermo equinoideo.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	30	0	30
Seminario	3	1	4
Prácticas de laboratorio	14.5	0	14.5
Traballo tutelado	1	20	21
Práctica de laboratorio	0.5	22	22.5
Estudo de casos	0	8	8
Exame de preguntas obxectivas	2	45	47
Observación sistemática	3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Uso de material infográfico e documental para explicar conceptos zoolóxicos relacionados cos invertebrados non artrópodos incentivando a participación dos alumnos.
Seminario	Consulta de dúbidas e resolución de cuestións expostas polo profesor e polo alumno. Aclaración de conceptos en sesións planificadas e organizadas polo profesor. O alumnado levará a cabo distintas actividades deseñadas para os seminarios onde basicamente trabállase en grupo. Estas actividades están deseñadas para afianzar coñecementos e competencias basicamente transversais que o alumnado debe adquirir.
Prácticas de laboratorio	Actividade experimental no laboratorio, complemento das clases teóricas. O alumnado realizará 6 prácticas no laboratorio ao longo do curso onde se verán de forma práctica os contidos desenvolvidos na teoría. As prácticas da materia inclúen entre outras cousas, manexo, observación, identificación, estudo de morfoloxía externa e anatomía interna e disección de distintos exemplares da maioría dos fíos estudados.
Traballo tutelado	Explicación da metodoloxía para seguir para a realización de traballos relacionados coa zooloxía por parte do alumno. O alumnado o levará a cabo en grupos de 3, 4 ou 5 participantes en función dos alumnos matriculados.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	Durante a realización das prácticas de laboratorio e debido ao número reducido de alumnos, pode levarse a cabo unha atención personalizada resolvendo todas as dúbidas que xurdan durante o desenvolvemento das mesmas.
Traballo tutelado	A atención personalizada será durante as horas de titoría que figuran no despacho do profesor e durante as titorías incluídas na metodoloxía con grupos pequenos de alumnos.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Traballo tutelado	Traballo en grupo (relacionado coa teoría).- o alumnado levará a cabo en grupos de 3, 4 ou 5 participantes en función dos alumnos matriculados un traballo relacionado coa parte teórica (15 %) segundo normas que figurarán na plataforma Moovi. Traballo individual (relacionado coas prácticas).- o alumnado levará a cabo de forma individual a preparación dunha colección de 10 fichas sobre 10 especies elixidas da listaxe de especies do visu- seguindo as normas que figurarán na plataforma da materia (10 % da nota). Con este traballo serán avaliadas parte das competencias transversais que debe adquirir o alumnado.	25	A2	B1	C1	D1 D4 D5
Práctica de laboratorio	A avaliación dos coñecementos e competencias alcanzados nesta parte levará a cabo no laboratorio mediante un exame sobre as prácticas e que incluírá ademais un recoñecemento de visu de 5 especies de invertebrados non artrópodos das que figuran na listaxe incluída na plataforma Moovi.	15	A2 A3 A4	B1 B3 B6	C2	D1 D4
Estudo de casos	Cuestionarios: parte dos contidos teóricos serán avaliados a través de 3 cuestionarios on- line (consultar datas de realización e entrega no calendario da materia dispoñible na plataforma da materia).	15				
Exame de preguntas obxectivas	Os contidos teóricos da materia serán explicados na aula a través de sesións maxistras. Para avaliar os coñecementos e competencias adquiridas polo alumnado sobre estes contidos teóricos realizaranse 2 probas escritas na aula que incluírán preguntas tipo test, de resposta curta, de relacionar, de desenvolvemento, etc.	40	A2 A3 A4	B1 B3 B6	C2 C6	D5
Observación sistemática	O alumnado levará a cabo distintas actividades deseñadas para os seminarios onde basicamente trabállase en grupo. Estas actividades están deseñadas para afianzar coñecementos e competencias que o alumnado debe adquirir. Valorarase a participación resolvendo cuestións expostas polo alumno e o profesor. Así mesmo valorarase a participación do alumnado nas clases teóricas.	5	A2 A3 A4	B1 B3 B6	C1 C2 C6	D1 D4 D5 C9

Outros comentarios sobre a Avaliación

AVALIACIÓN CONTINUA

A avaliación é continua ao longo do curso. Para poder ser avaliado de forma continua, o alumnado deberá realizar todas as actividades planificadas para cada un dos bloques.

É obrigatorio incluír no perfil de usuario da plataforma Moovi, unha fotografía que debe permitir identificar á persoa (tipo DNI e actualizada) e unha dirección de correo electrónico (e-mail) útil (de preferencia @alumnos. uvigo.gal). En ausencia da fotografía o alumno non será avaliado polo que non recibirá nin as cualificacións nin as correccións das distintas actividades.

As situacións particulares que impidan participar nas actividades de forma regular, por exemplo ter un contrato de traballo, enfermidade, etc. deberán ser comunicadas á coordinadora da materia nos 5 días inmediatos á aparición do problema, co fin de buscar unha solución.

A asistencia ás prácticas e seminarios é obrigatoria para poder presentarse ás probas teóricas e/ou prácticas nas dúas convocatorias.

Para poder superar a materia é necesario superar teoría, prácticas e traballo tutelado por separado cunha nota igual ou superior á mínima esixida en cada parte. No caso de non ser así, non se fará suma e a nota que figurará na acta será a máis alta dos apartados suspensos.

Presentarse a dous das actividades avaliáveis independentemente de que o alumno realice ou non o resto figurará como suspenso na Acta. Só os alumnos que nunca asistisen ás clases teóricas, seminarios, prácticas ou non realicen ningunha das actividades avaliáveis figurarán na acta como non presentados.

Aínda que co sistema de avaliación continua resulta máis fácil aprobar unha materia, é máis difícil conseguir unha boa nota. Para non prexudicar ao alumnado, no caso de que se supere a materia sumarásele entre un 5 e un 10 % da nota só na primeira convocatoria.

Confusións repetidas de conceptos básicos ou mala utilización da nomenclatura científica nas distintas probas, pode implicar un 0 no conxunto da proba.

Se en calquera das actividades detéctase copia, o alumno suspenderá automaticamente esa parte da materia.

Avaliación dos bloques

Bloque teórico

A avaliación dos contidos teóricos (55 %) será continuada ao longo do curso e consistirá en 5 probas, 2 escritas sobre contidos impartidos nas clases de teoría (40 %) e 3 cuestionarios en liña que valerán un 15 %. Para poder superar esta parte debe obterse como mínimo un 5 sobre 10 en cada unha das 2 probas escritas e un 4,5 en cada un dos 3 cuestionarios.

Bloque de prácticas

A parte práctica equivale ao 15 % da nota final. As prácticas de laboratorio son obrigatorias e avalíaranse a través dun exame práctico, que se realizará no laboratorio en horario de mañana o día seguinte da 2ª proba de teoría (ver data en <http://bioloxia.uvigo.es/es/docencia/examenes>).

Para poder superar esta parte debe obterse como mínimo un 5 sobre 10.

Seminarios e clases teóricas

A asistencia e participación nas clases teóricas e seminarios implica un 5 % da nota.

A asistencia a seminarios é obrigatoria.

A asistencia ás clases teóricas controlárase algúns días ao azar e terase en conta a participación dos alumnos en clase.

Traballo tutelado

A presentación dun traballo relacionado coa zooloxía valorárase cun 15 % da nota. Para poder superar esta parte debe obterse como mínimo un 4.5 sobre 10.

A presentación dunha colección de fichas valorárase cun 10 % da nota. Para poder superar esta parte debe obterse como mínimo un 4.5 sobre 10.

2ª OPORTUNIDADE

As actividades avaliadas superadas na primeira oportunidade gardaranse para a segunda oportunidade. Si non se supera a materia o matricularse de novo no seguinte curso, implicará repetir todas as actividades avaliadas.

AVALIACIÓN GLOBAL

Os estudantes que renuncien a avaliación continua, poderán solicitar avaliación global no período establecido polo centro. Dicha avaliación levarase a cabo nas datas oficiais de primeira e segunda oportunidade. Esta avaliación permitirá alcanzar o 100 % da puntuación da materia nun exame desglosado en dúas partes:

Contidos teóricos (65 %)

Contidos prácticos (35 %)

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Brusca, R.C., Moore, W. y Shuster, S.M., **Invertebrates**, 1ª edición, Sinauer, 2017

Ruppert E.E. y Barnes, R.D., **Zoología de los Invertebrados**, 6ª ed., McGraw-Hill., 1996

Hickman, C.P., Keen, S.L., Eisenhour D.J., Larson, A. y l'Anson, H., **Integrated Principles of Zoology**, 18ª ed., McGraw-Hill, 2020

Hickman, C.P., Keen, S.L., Eisenhour D.J., Larson, A. y l'Anson, H., **Principios Integrales de Zoología**, 18ª ed., McGraw-Hill, 2021

Bibliografía Complementaria

Brusca, R.C. y Brusca, G.J., **Invertebrados**, 2ª ed., McGraw-Hill., 2005

Calow, P. y Olive, P.J.W., **The invertebrates: a new synthesis**, 2ª ed., Blackwell Sc. Flub., 1993

Díaz, J.A. y Santos T., **Zoología: aproximación evolutiva a la diversidad y organización de los animales**, Síntesis, 1998

Hickman, F.M. y Hickman, C.P., **Zoología: manual de laboratorio**, 8ª ed., McGraw-Hill, 1998

Hickman, C.P., Roberts, L.S., Keen, S.L., Larson, A., l'Anson, H., Eisenhour, D.J., **Principios integrales de Zoología**, 14ª ed., McGraw-Hill, 2009

Jessop, N.M., **Zoología: Invertebrados. Teoría y Problemas**, McGraw-Hill, 1981

Rodríguez Iglesias F. (ed): varios autores, **Galicia naturaleza: zoología (tomos XXXVII y XXXVIII)**, Hércules ediciones, 2002

Wallace, R.L. y Taylor, W.K., **Invertebrate zoology: a laboratory manual**, 6ª ed., Pearson Education, 2003

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Bioloxía: Evolución/V02G031V01101

Bioloxía: Técnicas básicas de campo/V02G031V01109

Outros comentarios

O horario da materia pode consultarse en:

<http://bioloxia.uvigo.es/es/docencia/horarios>

As datas de exames teóricos poden consultarse en:

<http://bioloxia.uvigo.es/es/docencia/horarios>

e <http://bioloxia.uvigo.es/es/docencia/examenes>

As datas de entrega do resto de actividades indícanse na plataforma (horario da materia). Non se recollerá ningunha actividade solicitada fóra do prazo convindo. As datas indicadas no horario da materia son inamovibles.

Non se pode cambiar de grupo de prácticas e/ou grupos de seminario salvo causas excepcionais e, previa solicitude á coordinadora da materia que decidirá se o cambio é factible ou non unha vez realizada a consulta co coordinador de 2º de grao.

A non asistencia a calquera das actividades obrigatorias só será xustificada en casos excepcionais (p.e. motivos de saúde, problemas familiares, esixencias dun contrato de traballo...) e non se xustificará ningunha ausencia debido a actividades extra curriculares (p.e. competicións deportivas non oficiais, obter o carné de conducir, irse de viaxe...).

Independentemente dos contidos transmitidos na aula, o material necesario para o correcto desenvolvemento da materia, así como a información, notas, avisos, etc. relacionados coa mesma faranse a través da plataforma Moovi.

Para un bo desenvolvemento da materia, é conveniente e aconsellable unha lectura detallada da guía docente da materia (metodoloxía e avaliación) así como toda a información que vaia aparecendo na plataforma Moovi.

Xa que o material necesario para o correcto desenvolvemento da materia figura na plataforma Moovi é recomendable imprimir e levar á aula os resumos de cada un dos temas. Isto facilitará a comprensión das explicacións, permitirá facer anotacións e resolver cuestións e dúbidas así como rendibilizarase o tempo nas clases maxistras. En ningún caso dítanse directa ou indirectamente apuntamentos xa que debido ao escaso número de horas presenciais e á densidade do programa, para poder traballar os conceptos é necesario axilizar as clases.

Non se permite o uso de computadores, teléfonos móbiles e outros aparellos parecidos durante as clases teóricas, prácticas e seminarios.

É OBRIGATORIO o uso de bata no laboratorio e o CUMPRIMENTO das normas de seguridade (atópanse dispoñibles na plataforma). A docencia práctica terá lugar no laboratorio de prácticas de Zooloxía (laboratorio de docencia LD10, pavillón B, 2º piso). O incumprimento das normas de riscos laborais implica non poder realizar a práctica correspondente.

O laboratorio debe quedar recolleito e organizado antes de marchar.

É recomendable ler o guión de prácticas antes da súa realización.

Rógase puntualidade.

LER atentamente a guía docente (metodoloxía e avaliación), así como a información presentada na plataforma Moovi.

CONDICIÓN DE USO DO MATERIAL DEPOSITADO NA PLATAFORMA Moovi

O alumnado matriculado na materia NON PODERÁ DIFUNDIR, total ou parcialmente, ningunha das imaxes, vídeos, ou calquera outro contido do curso. Este material é para uso exclusivo da materia.

PARA UN MELLOR DESENVOLVEMENTO DA MATERIA RECOMÉNDASE:

- Realizar, para unha mellor comprensión da materia, os exercicios sobre os conceptos teóricos e as prácticas dispoñibles na plataforma tema.
 - Consultar a bibliografía recomendada.
 - Facer uso frecuente das titorías para resolver as dúbidas que se presenten ao longo do curso, tanto no que se refire a cuestións teóricas como prácticas da materia.
-